

CONDICIÓN DE INSCRIPCIÓN COMÚNS A TODAS AS ACTIVIDADES:

INSCRIPCIÓN: Recoller e entregar a solicitude de inscrición en calquera dos rexistros municipais de Cambre, no período do **13 ao 20 de setembro**.

ADXUDICACIÓN DE PRAZAS: No caso de haber máis solicitudes que prazas, haberá **sorteo o día 23 de setembro** ás 12 horas, nas oficinas municipais de Educación situadas na Barcala.

Terán preferencia en primeiro lugar as persoas empadroadas en Cambre, en segundo lugar os que traballan no municipio de Cambre e as prazas baleiras poderán ocupalas os veciños doutros concellos.

Para saber se o solicitante está admitido na actividade deberase chamar ao tf.: 981 613 291 **a partir do día 25 de setembro**.

DURACIÓN: De outubro 2019 a maio de 2020 (as vacacións e días festivos serán os contemplados no calendario escolar do curso 2019-2020 publicado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional), salvo a de Educar Xogando (que está por determinar a data de comezo).

TARIFAS E PAGAMENTO: As tarifas e reducións serán as reflectidas no Acordo regulador do Prezo Público por Actividades Extraescolares Municipais vixente. Aínda que a tarifa é mensual o cobro da mesma será trimestral por domiciliación bancaria.

A falta de asistencia á actividade na que un alumno estea inscrito non dará dereito á devolución do importe.

Estas condicións réxense pola Ordenanza Reguladora da inscrición dos participantes nos programas de actividades do Concello de Cambre, publicada no BOP núm.81, do mércores 30 de abril de 2014.

ACTIVIDADES DIRIXIDAS A ALUMNADO DE 1º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL (0-3 ANOS).

EDUCAR XOGANDO

Día e hora: mércores de 10:30 a 11:30 e de 11:30 a 12:30 (en función da idade).

Lugar: Local municipal infantil da Barcala (fronte á pista polideportiva).

Número de prazas: mínimo, 6 e máximo, 10 (faranse 2 grupos en función da idade, se non houbera o nº mínimo de participantes por grupo, xuntaranse nun só grupo).

Características: faranse xogos educativos para pais/nais e bebés en reunións quincenais.

Idades: nados nos anos 2019 (dende 1 mes), 2018 e 2017.

Data de comezo: Informarase ás familias interesadas a data de comezo.

Esta actividade é gratuita

ACTIVIDADES DIRIXIDAS A ALUMNADO DE 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL (3-6 ANOS) ,EDUCACIÓN PRIMARIA, EDUCACIÓN SECUNDARIA E BAC.

XADREZ INICIACIÓN

Día e hora: sábado, de 12 a 13:15 h. Lugar: local do Club Xadrez de Sigrás (O Souto).

Número de prazas: mínimo, 8 e máximo, 12 . Idades: alumnado de E. Primaria, ESO e Bacharelato.

Características: aprendizaxe do Xadrez segundo o nivel do participante.

Prezo mensual: 7,00 euros.

ACTIVIDADE PREDEPORTIVA

Día e hora: luns de 17:15 a 18:30 horas. Lugar: pavillón Polideportivo Sofía Toro (Cambre).

Características: xogos predeportivos e psicomotricidade.

Número de prazas: mínimo, 8 e máximo, 12. Idades: alumnado de 2º ciclo de Educación Infantil ,1º e 2º de E. Primaria.

Prezo mensual: 7,00 euros.

MULTIDEPORTE

Día e hora: xoves, de 18 a 19:15 horas. Lugar:pavillón polideportivo do Temple.

Características: Nesta actividade os rapaces e rapazas poderán ir alternando na práctica de diferentes actividades (tiro con arco, slackline, iniciación ao golf...) de xeito que poderán adquirir as nocións básicas e iniciaranse en cada unha destas disciplinas durante o curso escolar. Esta actividade axudará a que os/as participantes poidan atopar o deporte máis axeitado ás características e gustos persoais, aprendendo así a disfrutar do e co deporte.

Número de prazas: mínimo, 8 e máximo, 12. Idades: alumnado de 2º a 6º de E. Primaria.

Prezo mensual: 7,00 euros.

ESCOLA MUNICIPAL DE CICLISMO

Día e hora: sábado, de 10:30 a 12:00 h. Lugar: pavillón polideportivo Os Campóns (se non chove) e pista do CEIP GTB de Sigrás (se chove).

Características: iniciación e perfeccionamento ao Ciclismo. Deberán levar bicicleta e casco.

Idades: alumnado dende 2º de E. Primaria.

Prezo mensual: 4,00 euros. Observacións: comeza o primeiro sábado do mes de novembro, no pavillón polideportivo de Os Campóns.* imparte o club ciclista de Cambre según convenio. As condicións poden sufrir variación por necesidades da actividade.

OBRADOIRO DE INGLÉS

Día e hora: Grupo 1: xoves, de 17:45 a 19:00 h.: 2º e 3º de E. Infantil.

e Idades Grupo 2: xoves, de 19:00 a 20:15 h.: 1º,2º e 3º de E. Primaria.

Grupo 3:mércores, de 17:45 a 19:00 h.: 4º,5º e 6º de E. Primaria.

Grupo 4: mércores, de 19:00 a 20:15 h.: toda a ESO.

Lugar: Local municipal infantil da Barcala (fronte á pista polideportiva).

Número de prazas: mínimo, 8 e máximo, 12 (por grupo).

Características: farán actividades en inglés segundo o nivel dos participantes.

Prezo mensual: 7,00 euros.